



| | | | |
|--|--|--|--|
|  | CPR Plurilingüe CALASANCIAS A CORUÑA | COMUNICADOS |  |
| DATA: 24 de agosto de 2017 Nº 01/17-18 | | ASUNTO: INICIO DO CURSO 2017-2018 | |

Estimadas Familias:

Primeiramente, transmitímosvos o noso desexo de que o verán remate felizmente para todos e iniciemos o novo curso escolar con moito ánimo e ilusión, curso que se caracteriza polo grande acontecemento que viviremos toda a familia calasancia o 15 de outubro do presente ano: a canonización do P. Faustino Míguez, fundador do Instituto Calasancio. Tedes máis información deste evento en: <http://fidelidadenelamor.blogspot.com.es/>

Xa vos iremos informando das actividades programadas ó longo de todo o curso co gallo desta celebración.

Como é habitual por estas datas, poñémonos en contacto con vós para informarvos dos aspectos máis importantes para o inicio do curso 2017-18:

1. Inicio de curso e horarios

| Etapas | Data de inicio de curso | Horario setembro e xuño | Horario outubro a maio | |
|-------------------|-------------------------|---|------------------------|------------------------|
| | | | Mañá | Tarde |
| Infantil-Primaria | 11 setembro, luns | 9.00 a 14.00 | 9.45-13.10 | 15.30-17.30 |
| Secundaria | 15 setembro, venres | 8.30 a 14.00 | 8.30-14.00 | 15.30-17.30 só os luns |
| Bacharelato | | 8.30-15.00, luns e martes 8.30-14.00, mércores, xoves e venres | | |

O horario do primeiro día de clase para todas as etapas é de 11.00 a 14.00 h.

O período de adaptación do alumnado de **4º Infantil (3 anos)** abranguerá do 11 ó 22 de setembro, podendo ser acompañados ata a aula polas familias, así como entrar ás 10.00 e saír ás 13.00 h¹. A partir do día 25 de setembro seguirán o horario normal (9.00 a 14.00 h). As familias que vos acollades ó horario de adaptación tedes que informar con antelación ós titores/as (na reunión de inicio de curso).

2. Exames extraordinarios de setembro

Realizaranse os días **1, 4 e 5**, segundo os horarios establecidos no mes de xuño (expostos na páxina web).

As datas e horas para recoller o boletín de notas son:

- ✂ 2º BAC: 5 de setembro, ás 19.00 h.
- ✂ ESO e 1º BAC: 6 de setembro, ás 13.00 h.

A atención a familias serán os días 6 e 7, en horario de 9.00 a 12.00 h.

¹ Cfr. Disposición adicional segunda do Calendario Escolar (Orde do 12 de xuño de 2017).





3. Reunións de familias coa Dirección e titores/as

- ✂ Xoves, 7 de setembro: Infantil ás 18.00 h; 1º e 2º Primaria ás 19.30 h.
- ✂ Xoves, 14 de setembro: Secundaria e Bacharelato ás 19.30 h.
- ✂ Xoves, 21 de setembro: 3º e 4º Primaria ás 18.00 h; 5º e 6º Primaria ás 19.30 h.

Lembrámosvos da importancia de asistir a estas reunións de inicio de curso, xa que nelas se dan indicacións fundamentais para o desenvolvemento do mesmo.

4. Uniformidade

Como xa é tradicional, o alumnado de Infantil, Primaria e ESO debe vir correctamente uniformado desde o primeiro día de clase. As prendas que non correspondan co uniforme (anterior ou novo) serán retiradas. Neste curso aínda está vixente a uniformidade anterior. Lembrade que non se poden mesturar. As nenas poden levar o pantalón do uniforme novo se así o desexan.

O horario de venda do uniforme queda exposto na páxina web e no taboleiro de anuncios. Pode sufrir algunha modificación, polo que vos pedimos que esteades atentos á web e/ou redes sociais.

5. Alumnado de Infantil, 1º e 2º de Primaria

Levarán en lugar visible unha tarxeta cos seguintes datos: nome e apelidos, teléfono da casa ou móbil dos pais e nº de autobús escolar (se fan uso del).

6. Primeiro día de clase

A partir de 3º de Primaria deben traer un caderno e bolígrafo para apuntar horarios e material que lles indicarán os titores e profesores das distintas materias. Aconsellámosvos que non lle poñades nomes ós libros ata que sexan revisados polos profesores.

7. Servizos complementarios

- **Comedor:** Desde o 11 de setembro. A data límite para anotar ó alumnado que faga uso do comedor en setembro é o día 8 (venres); e o día 20 de setembro para o resto do curso.
- **Gardería:** A partir do 12 de setembro, desde as 8.00 h para alumnos/as de Infantil e Primaria. **Deberedes cubrir a ficha de inscrición en Secretaría.** Lembramos que é gratuíta para os que colaboran coa cota voluntaria, e ten un custe de 5,00 €/día para os que non colaboran con dita cota.
- **Autobús escolar:** Na páxina do colexio informárase deste servizo para Infantil e Primaria a partir do 30 de agosto.
- **Actividades extraescolares:** Os folletos informativos estarán dispoñibles na páxina web ("Servizos e Actividades") desde o 30 de agosto. No mes de setembro haberá reunións informativas das diferentes actividades. As datas e horas publicaranse na páxina e nas redes sociais.





8. Horario de Secretaría e Administración (de luns a venres)

- Setembro e xuño: 8.45 a 13.15 h (só polas mañás).
- Outubro a maio: 8.30 a 12.45 h (mañás), 15.45 a 17.30 h (tardes, agás martes e venres).

9. Caderno de Comunicacions ou Axenda escolar

Ademais da plataforma Educamos como medio de comunicación entre familia e colexio, o alumnado debe ter unha axenda escolar ou o caderno de comunicacions. Este último pode adquirirse na secretaría do colexio. Lembramos que é obrigatorio desde 1º EP ata 2º BAC.

10. Horario de entradas

Como sabedes, a entrada do alumnado é polo aparcadoiro do polideportivo. Para favorecer a puntualidade nas horas establecidas e a boa marcha da actividade escolar, **a partir deste curso non se permitirá a entrada de alumnos/as por Portería**, agás casos excepcionais que se deberán xustificar adecuadamente.

O horario de apertura e peche da entrada do aparcadoiro é o seguinte:

- ✎ Setembro e xuño:
 - ESO-BAC: De 8.00 a 8.30 h.
 - EI-EP: De 8.45 a 9.00 h.
- ✎ Outubro a maio:
 - ESO-BAC: De 8.00 a 8.30 h.
 - EI-EP: De 9.30 a 9.45 h (mañás); de 15.10 a 15.30 h (tardes).

O **alumnado de Infantil e Primaria** que faga uso da gardería ou teña algunha actividade extraescolar ou reforzo deberá respectar ó horario de entrada de ESO-BAC. **Entre as 8.30 e as 9.30 non poderán entrar por portería.**

11. Aparcadoiros

O colexio dispón de dous amplos aparcadoiros para as familias, así como a zona reservada para o persoal docente. Pedimos que respectemos dita zona así como non aparcar onde haxa liñas amarelas. Todo isto é polo ben común de todos, moi especialmente do alumnado.

12. Becas:

Xa está aberto o prazo de solicitudes de becas do Estado para Bacharelato e para alumnado con necesidades de apoio educativo. Tedes a información oportuna na páxina web do colexio.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo,

O equipo directivo

